

# Obradoiros sobre instrumentos musicais tradicionais galegos

## Museo de Pontevedra

Os obradoiros, charlas e concertos didácticos que vos ofrecemos, impartidos por Pablo Carpintero, teñen varias finalidades, a fundamental é que aprendades a construír diferentes instrumentos musicais, desde os máis sinxelos ata algúns máis elaborados, incluso traballando nun torno, para tentar difundir e poñer en valor esta parte importante do noso patrimonio cultural. Por outra parte, tamén pretendemos achegarvos a historia destes útiles sonoros para que comprendades como acompañaron os humanos ó longo da súa evolución e que importancia tiveron nela; para iso ofrecémosvos, como complemento a estes obradoiros prácticos, unha serie de charlas e concertos didácticos nos que Pablo Carpintero vos explicará o uso pasado e presente dunha boa parte dos instrumentos musicais galegos.

O prazo de matrícula abrírase o 21 de febreiro e durará ata que todas as prazas estean cubertas. As inscricións débense realizar no Rexistro Xeral da Deputación.

Este ciclo de obradoiros estrutúrase en catro partes, cada unha dedicada ós instrumentos musicais dunha época que aínda se usan ou que se deixaron de empregar hai ben pouco en Galicia:

### PALEOLÍTICO I

Neste obradoiro aprenderemos a facer instrumentos musicais que se documentan no Paleolítico medio, en poboacións humanas actuais con xeitos de vida primitivos e mesmo na Galicia do século XX. Así construiremos e manexaremos zoadeiras, fungos e asubíos, e mais outros instrumentos musicais que probablemente se usaron no Paleolítico pero que non deixaron pegadas debido á súa fabricación con materiais perecedoiros como cantagalos, mirlitóns, follas de hedra e carrizos.

Na súa maior parte non son instrumentos melódicos (excepto as follas de hedra, cantagalos e mirlitóns) e os nenos constrúenos facilmente.

**Data:** 16 e 17 de marzo

**Duración:** de 17:00 h a 19:00 h

**Idade dos participantes:** de 6 a 10 anos

**Núm. máximo de participantes:** 20

### PALEOLÍTICO II

No Paleolítico superior documéntanse xa numerosos instrumentos melódicos como frautas e outros tubos sonoros que con seguridade correspondían a óboes e clarinetes. Nas pinturas da época documéntanse tamén algúns instrumentos rítmicos, nomeadamente as tarrañolas. Así pois, neste segundo obradoiro ofrecémosvos aprender a construír e manexar castañolas de cana, tarrañolas, siringas e frautas de cana.

**Data:** 23 e 24 de marzo

**Duración:** de 17:00 h a 19:00 h

**Idade dos participantes:** de 10 a 15 anos

**Núm. máximo de participantes:** 20

### NEOLÍTICO

Segundo os expertos neste período xa se empregaban instrumentos melódicos do tipo dos clarinetes e óboes. Por outra parte, o comezo da agricultura precisou do desenvolvemento de ferramentas para limpar o cereal que acabaron por empregarse de xeito musical, como os banelos ou os cribos de volta. Estas sinxelas ferramentas son, seguramente, a orixe de todos os instrumentos tradicionais femininos empregados para acompañar o canto en Galicia. Deste xeito, este obradoiro está deseñado para aprender a construír óboes e clarinetes de palla e cana, e aprenderemos tamén a fabricar un pequeno banelo con pel curtida.

**Data:** 30 e 31 de marzo

**Duración:** de 17:00 h a 19:00 h

**Idade dos participantes:** maiores de 15 anos

**Núm. máximo de participantes:** 15

### IDADE MEDIA

Durante este período as gaitas de fol sufriron unha intensa expansión por todo o vello mundo e convertéronse nun dos seus instrumentos máis representativos, situación que se herdou ata a actualidade. Deste xeito, o obradoiro está deseñado para aprender a construír unha gaita de fol sinxela empregando canas, sabugueiro e unha bolsa de material sintético como fol.

**Data:** 6 e 7 de abril

**Duración:** de 17:00 h a 19:00 h

**Idade dos participantes:** maiores de 15 anos

**Núm. máximo de participantes:** 15

### CONCERTO DIDÁCTICO

*Os instrumentos musicais galegos*

*Como peche deste ciclo Pablo Carpintero ofreceranos un concerto didáctico no que se empregarán algúns dos instrumentos que se realizaron nos obradoiros así como outros empregados na nosa música tradicional e que tocarán os adultos, ata completar un total duns trinta instrumentos musicais. Poderedes aprender sobre os diferentes tipos de gaitas de fol usadas en Galicia, sobre as percusións femininas e sobre outros moitos instrumentos musicais.*

**Data:** 7 de abril, ás 20:00 h

**Duración:** unha hora e media aproximadamente

**Entrada libre**

### PASEO POLO RÍO

*Moitos dos instrumentos que fabricaron os nenos galegos como xoguetes e como ferramentas para ir desenvolvendo as súas aptitudes musicais fabricábanse con materiais verdes, así construíanse óboes e pitos de codia de diferentes árbores, empregábanse follas para tocar e confeccionábanse sinxelos clarinetes con pallas de diferentes gramíneas. O obxectivo deste paseo polo río é aprender a facer estes sinxelos instrumentos musicais e comprender como a natureza nos fornece de moi diversos materiais útiles ata para facer música.*

**Data:** 28 de maio e 4 de xuño

**Duración:** de 10:30 h a 13:30 h

**Idade dos participantes:** todas as idades (os menores deberán ir acompañados dos seus pais)

**Núm. máximo de participantes:** 35

### NOTA

*Este obradoiro complementa a persoas que. Por tal motivo, teñen prioridade para participar nel as persoas que realizan algún deles. Só se admitirán novas inscricións no caso de que haxa vacantes.*